

Afonso Pais de Braga

Rubrica

A que eu quero gram bem, des que a vi,
e que amo, Deu'lo sabe, mais ca mi,
me faz em coita viver:
e desto xi m'atou morte, sem poder
que eu haja d'end'al fazer.

A provar haverei eu se poderei
guarir sen'a ir veer, pero bem sei
que o nom hei de fazer:
e desto xi m'atou morte, sem poder
que eu haja d'end'al fazer.

Pero nunca lh[e] eu cousa mereci
per que me mate, ventura me faz i,
sem seu grado, bem querer:
e desto xi m'atou morte, sem poder
que eu haja d'end'al fazer.

Nunca tal ventura vistes qual eu hei
contra ela, que servi sempr'e amei,
polo nom ousar dizer:
e desto xi m'atou morte, sem poder
que eu haja d'end'al fazer.

Por sandice mi pod'homem esto contar,
mais por coita nom, quem vir seu semelhar.